



A Consellaría de Educación dá instrucións que comportan reducir o profesorado nos centros de educación infantil e primaria e rebaixar a calidade do ensino

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Educación vén de trasladar á inspección educativa, co obxecto de agrupar o alumnado de diferentes cursos nun mesmo grupo, unhas instrucións cos seguintes criterios:

- Na educación infantil, agrúpanse nun único grupo os alumnos de distintos cursos do mesmo ciclo sempre que o número de alumnos fose inferior ou igual a 20.
- Na educación primaria agrúpanse nun único grupo os alumnos de distintos cursos do mesmo ciclo sempre que o número de alumnos fose inferior ou igual a 20.
- Na educación primaria agrúpanse nun único grupo os alumnos de distintos ciclos sempre que o número de alumnos fose inferior ou igual a 15.

Ante as ditas instrucións, a CIG-Ensino quere manifestar o seguinte:

- Non deixa de ser grave que unha das primeiras medidas que pretende toma o actual Conselleiro de Educación sexa reagrupar nunha mesma aula alumnado de diferentes cursos e mesmamente ciclos de primaria.
- Estamos ante unha medida totalmente economicista que o único que pretende é reducir o profesorado dos centros e rebaixar, polo tanto, a calidade do ensino.
- Trátase dunha circular que nin foi dada a coñecer nin se negociou na Mesa Sectorial, furtando así un dereito que a lexislación actual contempla para os representantes do profesorado.

A CIG-Ensino exige a retirada desta circular, pois, do contrario veríamnos obrigados a emprender accións legais, ao mesmo tempo que propón medidas de presión aos centros para impedir a súa aplicación.

Na parte de atrás deste informa tes a campaña que comezamos no día de hoxe.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela

Coa finalidade de proceder a a determinar o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial, por esta DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS dítanse as seguintes instrucións:

Primeiro.- O número de alumnos a ter en conta para a constitución de grupos será de 25 na educación infantil e de 25 na educación primaria.

Segundo.- Cando se trate de agrupación de alumnos de distintos cursos na educación infantil ou educación primaria, ou de alumnos de distintos ciclos na educación primaria, sempre que no curso académico anterior non se utilizasen as rates determinadas no apartado primeiro das presentes instrucións, constituiranse os grupos coas seguintes agrupacións:

- Na educación infantil agrúpanse nun único grupo os alumnos de distintos cursos do mesmo ciclo sempre que o número de alumnos fose inferior ou igual a 20.
- Na educación primaria agrúpanse nun único grupo os alumnos de distintos cursos do mesmo ciclo sempre que o número de alumnos fose inferior ou igual a 20.
- Na educación primaria agrúpanse nun único grupo os alumnos de distintos ciclos sempre que o número de alumnos fose inferior ou igual a 15.

Terceiro.- A proposta de unidades que se realice pola xefatura da inspección educativa debe adecuarse á realidade funcional dos centros no próximo curso académico, sen que a configuración de unidades exceda á necesidade de grupos, agás no caso excepcional e debidamente xustificado dunha previsión de incremento de alumnado nun futuro inmediato.

Cuarto.- A xefatura de inspección educativa remitirá á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos as propostas de unidades dos centros públicos de educación infantil, primaria e educación especial con anterioridade ao 26 de maio de 2009.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2009

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Asdo: José Manuel Pinal Rodríguez

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Fax: 981546542

O Centro _____ do Concello _____

Exixe a retirada da circular do 14 de maio de 2009 emitida pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que pretende reagrupar ao alumnado de diferentes cursos, e incluso ciclos, nun mesmo grupo, sen ter en conta a consideración do propio Centro.

Centro _____

Enviar por Fax á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (FAX 981546542)

e a CIG-Ensino (FAX 981575839)

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
Nacional: galiza@cig-ensino.com
Santiago: santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantaría 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com